



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2023

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIROS/AS:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

D. José Eliseo Bello Vázquez.

PP:

D. José Alfonso Carro Rioboo.

D. Jesús Mosquera Manteiga.

BNG:

D<sup>a</sup> Beatriz Louro López.

### **Non asisten e se escusan:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

En Mesía, a 25 de setembro de 2023, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### **1. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADICIONAL 2/2023". ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

*"PROPOSTA AO PLENO*



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2023". ACORDOS QUE PROCEDAN.

1 "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

## A ) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	301.177,26 €

## B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipa l	IVE soporta do deducib le		
<b>TOTAL</b>					

<b>Investimentos</b>	<b>Financiamento dos investimentos</b>
----------------------	--





# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

<b>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023</b>					
<b>Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023</b>					
<b>TOTAL</b>	€	301.177,26			301.177,26 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Mesía, na data da sinatura electrónica. Asdo.- Mariano Iglesias Castro. Alcalde”

Manifesta o Sr. Alcalde que o gasto irá destinado a recollida de residuos, alumeadado público, auga, saneamento e colectores, e accesos a núcleos de poboación.

Pregunta a Sra. Louro porqué se adica todo a gasto corrente, e si se ten que gastar todo este ano, respostando o Sr. Alcalde que debe gastarse este ano, e non só irá ao gasto en servizos como luz, auga ou residuos, senón que o sobranse adicarase a acceso a núcleos de poboación mediante obras de pavimentación ou canalización en distintas parroquias.

Sometido o asunto a votación, aprobouse por unanimidade dos concelleiros presentes.



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## 2. SUPLEMENTO DE CRÉDITO SC 01/2023. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

### *“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO*

*Incoado por esta Presidencia expediente de modificación de créditos (referencia SC 01/2023), de conformidade cos artigos 177 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das facendas locais, e 35 e seguintes do R.D. 500/1990, do 20 de abril, segundo Memoria xustificativa incorporada ao expediente na que se establece que a presente modificación responde á insuficiencia de crédito no orzamento municipal nas aplicacións correspondentes, por unha banda, ao gasto da empresa que cubre as baixas do servizo de axuda a domicilio, insuficiencia motivada polo gran número de baixas no cadro de persoal municipal e polo incremento xeneralizado de prezos no contexto económico actual; por outra banda, a gastos diversos do Punto de Atención á Infancia, debido tamén ao incremento xeneralizado de prezos e, por último, ao gasto en reparacións, mantemento e conservación de instalacións deportivas, debido ao incremento de prezos e gasto este exercicio neste ámbito*

*Tratándose polo tanto de gastos correntes necesarios que non se pode demorar ata o exercicio seguinte, gastos en todo caso previstos no orzamento pero que, debido ás circunstancias anteditas, resulta insuficiente o crédito consignado, procede a tramitación dun expediente de suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 119.000,00€, aos efectos de dotar de crédito suficiente ás aplicacións que se indican para facer fronte ao gasto corrente sinalado ata fin de exercicio.*

*Incorporados así mesmo ao expediente os informes de Intervención en relación coa lexislación aplicable e en relación coa estabilidade orzamentaria, e resultando deste último que a presente modificación determina a posibilidade de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao peche do exercicio.*

*Tendo en conta que por Acordo do Congreso dos Diputados de 22/09/2022 están suspendidas as regras fiscais para 2023, polo que, en consecuencia, en caso de incumprimento da estabilidade na liquidación do orzamento, o concello non estaría obrigado a adoptar as medidas correctivas establecidos na lexislación de estabilidade orzamentaria.*

*Resultando necesario levar a cabo as actuacións referidas polos motivos indicados, debendo realizarse de xeito inmediato no presente exercicio, de conformidade cos artigos 177 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, mediante suplemento de crédito SC 01/2023, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 119.000,00€, destinado a financiar as seguintes actuacións:*

Aplicación	Denominación	Crédito na	Suplemento	Consignación
------------	--------------	------------	------------	--------------



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

orçamentaria		aplicación antes da modificación	de crédito	tras modificación
231.22699	Asistencia social primaria. Gastos correntes en bens e servizos. Material, subministracións e outros. Outros gastos diversos	2.330,22€	10.000,00€	12.330,22€
231.22799	Asistencia social primaria. Gastos correntes en bens e servizos. Material, subministracións e outros. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	8.312,52€	87.000,00€	95.312,52€
342.21200	Producción de bens públicos de carácter preferente. Deporte. Instalacións deportivas. Gastos correntes en bens e servizos. Reparacións, mantemento e conservación. Edificios e outras construcións.	-4.685,12	22.000,00€	17.314,88€
TOTAL			119.000,00€	

*Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións.*

*Mesía, na data da sinatura electrónica. O Alcalde, Asdo. Mariano Iglesias*

*Castro.*

Manifesta o Sr. Alcalde que, como di a proposta, trátase de suplementar crédito nas partidas indicadas debido a que o crédito existente non é suficiente para afrontar o gasto previsto ata fin de ano.

Pregunta a Sra. Louro porqué se incrementa en oitenta e sete mil euros unha partida de oito mil, e a qué se debe ese incremento de gasto, respostando o Sr. Alcalde que oito mil é a cantidade existente a data de hoxe e que houbo moitas baixas de persoal ao longo do exercicio, debendo terse en conta que no orzamento hai unha bolsa de vinculación que comprende tamén o gasto en kilometraxe das auxiliares, que se incrementou este ano por lei, e outros gastos diversos en servizos sociais.

Sometido o asunto a votación, aprobouse por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Visto e Prace,  
O alcalde,